

A POLICÍA LOCAL DE REDONDELA CARECE DE ETILÓMETRO



Para facer probas de alcolemia, teñen que requirir á Garda Civil de Tráfico ou a Policías Locais doutros concellos.

Asemade, axentes da Policía Local denuncian outras deficiencias nos equipamentos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

Segundo estas mesmas fontes, a Policía tampouco dispón de chalecos antibalas persoais.

Membros da Policía Local de Redondela fixeron chegar á Agrupación de Electores de Redondela (AER) as súas demandas laborais que de xeito reiterado están sendo desatendidas polo goberno local. O que transmiten, en xeral, son graves deficiencias nos equipamentos que este corpo de seguridade necesita para levar a cabo o seu traballo.

De todas estas precariedades, o máis chamativo é que a Policía Local de Redondela carece nestes momentos dun etilómetro de precisión. Dito doutra maneira, a policía redondelá non pode facer probas de alcolemia cos seus propios medios de xeito regular. “Para facer controis de seguridade viaria, para evitar que circulen baixo os efectos do alcohol, para facer campañas, ou o máis básico, ante accidentes de tráfico, vémonos obrigados a requirir á Garda Civil de Tráfico ou outras Policías Locais”; comentan os axentes.

Inseguridade viaria.

O grave desta situación é que a Policía de Redondela non pode garantir a seguridade viaria no Concello. “Estamos a falar de seguridade, non dun aparello para recadar a través das multas. O etilómetro é un dispositivo imprescindible para garantir que os condutores circulen sen estar baixo os efectos do alcohol, circunstancia que pode por en risco a seguridade tanto do propio condutor coma a dos demais”, subliña outro dos axentes.

Chalecos antibalas persoais, cero; walkie-talkies, funcionan deficientemente.

Outro dos equipamentos dos que carece a Policía Local de Redondela é o relativo aos chalecos antibalas. En calquera suceso no que algún cidadán utilice indebidamente armas brancas ou armas de fogo, os axentes locais de Redondela intervirían sen ter minimamente garantida a súa integridade.

Os dispositivos de comunicación de circuíto pechado que usan os axentes, os walkie-talkies, non funcionan ben. Segundo recoñecen os axentes, moitas veces cando chegan ao servizo e collen un *talkie*, este non funciona ao non ter batería, xa que son dispositivos compartidos e non persoais; ou ben atópanse nunha intervención e non poden comunicarse coa central ou cos compañeiros polo mal funcionamento dos mesmos.

Outras deficiencias

Os axentes denuncian en xeral a falta de dotación orzamentaria en todos os equipamentos que o Concello ten que dotar para o normal desenvolvemento do seu traballo: “Conseguir unhas botas de traballo, un pantalón ou unha chaqueta do uniforme convértese nunha odisea; e cando membros da Policía Local solicitan roupa, a mesma entrégase sen rótulos e sen axustarse á normativa. Parece que estás reclamando un privilexio ou un capricho cando en realidade estamos a falar dunha obriga que o Concello non está a cumprir”, quéixanse os axentes.

Redondela, 22 de novembro de 2018